

Resolución do 16 de maio de 2018, do Director-Xerente, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro de Montes, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2017, pola que se aproban e se fan públicas as listas previas definitivas desta categoría.

Por resolución do 26 de abril do 2018 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobáronse e fixéronse públicas as listas previas provisionais de candidatos na categoría de Enxeñeiro de Montes, resultantes do período de actualización de méritos.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre ditas listas previas provisionais sen que se recibira ningunha reclamación, de conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.3 e nas bases específicas 2.1.2 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.-Elevar a definitivas as listas previas provisionais.

Elevar a definitivas as listas previas provisionais de candidatos publicadas e aprobadas por resolución do 26 de abril de 2018 da comisión de selección.

Segundo.-Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos.

Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos, por duplicado exemplar, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I, apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, que se poden consultar na páxina web de SEAGA escollendo a categoría correspondente, según o perfil/ís e ámbito/s territorial/ais seleccionados polo candidato no Anexo I da solicitude.

Santiago de Compostela, a 16 de maio de 2018.

O Director-Xerente.

Asdo.-Pabló Arbones Maciñeira

